



Xornada

O Arquivo Sonoro de Galicia: fondos inesgotables para aprehender a nosa cultura

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Xoves, 11 de abril de 2024



Cando nos mergullamos nos fondos documentais do Arquivo Sonoro de Galicia (ASG) do Consello da Cultura Galega atopámonos con infinitas posibilidades de coñecer e enriquecer a nosa cultura galega, a nosa identidade. Os máis de 50 000 rexistros que están ao noso dispor ofrécennos distintas alternativas para afondar no coñecemento da lingua galega, da nosa historia, dos movementos migratorios, da resistencia cultural no exilio e na diáspora, dos movementos sociais, do patrimonio oral ou da nosa música, por citar só algúns dos eidos que abranguen os documentos sonoros do ASG. Entre os elementos deste fondo, que se incrementa ininterrompidamente grazas á xenerosidade de particulares e institucións, queremos destacar a colección de máis de 700 lousas que recollen os inicios da historia fonográfica da música galega.

Co obxecto de divulgar unha parte deste valioso fondo que atesouramos na nosa institución, organizamos esta xornada na que afondaremos en distintos aspectos: tipos de soportes, repertorios, estilos, agrupacións, voces, singularidades... En primeiro lugar, e para destacar a relevancia do documento sonoro como fonte e ferramenta completa, precisa e imprescindible para calquera investigación, contamos con María Jesús López Lorenzo, xefa do Servizo de Documentos Sonoros e Audiovisuais da Biblioteca Nacional de España. Deseguido, Xaime Estévez e Beatriz Cancela, pertencentes á Comisión Técnica do ASG, centraranse en dous aspectos concretos do Arquivo: os documentos singulares e a música das bandas de música e orfeóns, respectivamente.

Con esta xornada queremos chamar a atención do persoal investigador (músicos, lingüistas, historiadores...) para que consideren o noso arquivo como un novo e rico referente nas súas procuras documentais.

Programa



16:30 horas

Inauguración da xornada

16:45 horas

*O documento sonoro como fonte
primaria de información*

María Jesús López, xefa do Servizo de
Documentos Sonoros e Audiovisuais
do Departamento de Música e
Audiovisuais da Biblioteca Nacional
de España

Presenta: **Cristina Pujales**,
coordinadora técnica do Arquivo
Sonoro de Galicia (ASG)

17:30 horas

*A singularidade dos fondos do
Arquivo Sonoro de Galicia*

Xaime Estévez, catedrático de música
en secundaria e membro da
Comisión Técnica do ASG

Presenta: **Alejo Amoedo**, director do
ASG

18:15 horas

Pausa

18:30 horas

*A presenza das bandas de música e
dos orfeóns nos fondos do Arquivo
Sonoro de Galicia*

Beatriz Cancela, musicóloga e
membro da Comisión Técnica do
ASG

Presenta: **Concha Losada**, presidenta
do Padroado do Museo do Pobo
Galego e membro da Comisión
Técnica do ASG

19:15 horas

Peche da xornada

Organiza

Consello da Cultura Galega
Arquivo Sonoro de Galicia (CCG)

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n 15705
Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organiza:

